



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2024-10

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

6 de Xuño de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

09:30

Hora de Finalización

09:34

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 28.05.2024 (ACTA 2024/9)

A acta apróbbase por unanimidade.

2º. CERTIFICACION NUM. 2, LIQUIDACION DA OBRA DE "MELLORA DAS PISTAS DEPORTIVAS DE O TERRON" DA ORDE DO 21.03.2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE CARACTER PLURIANUAL PARA A CONSTRUCCION, REFORMA, REPARACION, ADECUACION OU MELLORA DE INSTALACIONES.

O Sr. Alcalde, lembra aos presentes a **subvención** concedida por Resolución da **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, de data **18 de xullo de 2023**, dentro da Orde de axudas para construción, reforma, reparación e adecuación de instalacións deportivas de titularidade municipal, para a obra "**Mellora das pistas deportivas de O Terrón**" (DE401C)

A continuación, pasa a dar conta ós presentes da **certificación núm.2, liquidación** da devandita obra de "**Mellora das pistas de O Terrón, anualidade 2024**", cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **8.227,21 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**, arquitecto técnico Colexiado núm 159, do COAT de Ourense, de 7 de novembro de 2023.

Examinada a mesma e atopada conforme, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

PRIMEIRO. Aprobar a referida **certificación núm. 2, liquidación** da obra denominada "**Mellora das pistas de O Terrón, anualidade 2024**", cofinanciada pola Xunta de Galicia, por un importe total de **8.227,21 euros**, suscrita polo director das mesmas, **Juan Manuel Mera Díaz**, nos termos nos que se atopa redactada.

SEGUNDO. Recoñecer e liquidar a obriga derivada da súa aprobación, a favor do adxudicatario da obra; e consecuentemente, **aprobar as facturas:**

- **Núm. 032483 de SPORT EQUIPALIA, S.L. de data 05.06.2024**, correspondente a certificación núm 1, da obra "**Mellora das pistas de O Terrón, anualidade 2024**", por importe de **8.227,21 euros**.

- **Núm. 7/2024 de Arquitega, S.L. de data 27.05.2024** correspondente aos honorarios técnicos da actuación en cuestión, por importe de **313,31 euros**.

TERCEIRO. Declarar que se **cumplíu á finalidade** para a que se concedeu a subvención; **facer constar** expresamente que **por parte da Intervención tomouse razón na contabilidade**, en fase de recoñecemento da obriga, do gasto derivado da contratación da obra; e **declarar**, ademáis, que na tramitación e **contratación** das obras **cumpríuse a normativa de aplicación** no ámbito local e, especificamente, a que rexe nos contratos do sector público.

CUARTO. Declarar que a actuación desenvolvida non precisou de autorizacións sectoriais para a súa realización.

QUINTO. Consecuentemente, **aprobar a conta xustificativa** da actuación nos termos recollidos nos catro apartados anteriores deste acordo.

3º. ORDE DO 27 DE MAIO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS EN REXIME DE CONCORRENCA COMPETITIVA PARA A PRESTACION DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NOS ESPAZOS ACUATICOS NATURAIS E INSTALACIONES ACUATICAS DESCUBERTAS E SE PROCEDE A SUA CONVOCATORIA PARA O ANO 2024 (PR460D)

O Sr. alcalde pasa a dar conta ós presentes da **Orde do 27 de maio de 2024**, da Consellería de **Presidencia, Xustiza e Deportes**, pola que se regulan as bases das subvencións para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, para o anoa 2024 (PR460D), así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto do servizo para a que se solicita subvención, a saber: **Programa de atención das piscinas municipais mediante a contratación de dous**





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

bañistas-socorristas.

SEGUNDO. Solicitar á Consellería de **Presidencia, Xustiza e Deportes**, ó abeiro da Orde da devandita Consellería de data 27 de maio de **2024** unha **subvención de 8.522,64 euros; para o** financiamento do 100% dos gastos salariais totais correspondentes para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

TERCEIRO. Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

CUARTO. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución, así como o compromiso de financiar o importe que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

QUINTO. Trasladar o presente acordo á devandita Consellería.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

